

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE

5616 *Real decreto 132/2018, do 16 de marzo, polo que se aproban os estatutos xerais dos colexios oficiais de enxeñeiros técnicos industriais e peritos industriais de España e do seu consello xeral.*

Os estatutos xerais dos colexios oficiais dos peritos e enxeñeiros técnicos industriais e do seu consello xeral foron aprobados polo Real decreto 104/2003, do 24 de xaneiro, e modificados polo Real decreto 901/2007, do 6 de xullo.

A promulgación do Real decreto 104/2003, do 24 de xaneiro, e do Real decreto 901/2007, do 6 de xullo, que o modificou, obedeceu á necesidade de acomodar a estrutura colexial dos peritos e enxeñeiros técnicos industriais aos cambios da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, derivados da Lei 74/1978, do 26 de decembro, que adecuou o réxime dos colexios á Constitución, e da Lei 7/1997, do 14 de abril, de medidas liberalizadoras en materia de solo e de colexios profesionais, froito da tramitación como proxecto de lei do Real decreto lei 5/1996, do 7 de xuño.

Polo tanto, ao igual que os estatutos xerais aprobados polo Real decreto 104/2003, do 24 de xaneiro, se axustaron ás normas aprobadas daquela, hoxe estes estatutos deben ser novamente modificados para poñelos en consonancia coa Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, e, sobre todo, coas leis 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei de libre acceso a actividades de servizo e o seu exercicio.

A importancia das reformas operadas nas organizacións colexiais polas leis citadas aconsellaron a aprobación duns novos estatutos xerais en lugar de modificar os anteriores. Con isto gañarase en claridade e regularanse nun só texto a estrutura colexial e todos os aspectos básicos do exercicio da profesión e da súa organización en España.

O real decreto consta de preámbulo, un artigo único aprobatorio dos estatutos xerais, dúas disposicións transitorias, relativas, respectivamente, á vixencia dos actuais estatutos dos colexios oficiais de peritos e enxeñeiros técnicos industriais e do seu consello xeral á permanencia transitoria dos membros dos órganos reitores; unha disposición derogatoria que derroga o Real decreto 104/2003, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos xerais dos colexios oficiais de peritos e enxeñeiros técnicos industriais e do seu consello xeral, e tres disposicións derradeiras que se refiren, respectivamente, ao prazo para que os colexios oficiais de peritos e enxeñeiros técnicos industriais procedan á reforma dos seus estatutos, ao título competencial e á entrada en vigor da norma, o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

A continuación insírense os estatutos, que se estruturan en oito títulos. O título preliminar con dous capítulos, que abordan no capítulo I o obxecto, a composición, a natureza, as funcións, o ámbito territorial e a composición dos colexios oficiais e do Consello Xeral, corporacións de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. No capítulo II trata dos fins e das funcións dos colexios, para a tutela do correcto exercicio da profesión como garantía dos dereitos dos cidadáns.

O título I estrutúrase en tres capítulos. O capítulo I regula a colexiación, o capítulo II, os dereitos e os deberes dos colexiados, e o capítulo III, a ordenación do exercicio da profesión.

O título II, Da organización colexial, estrutúrase en tres capítulos. Regula, no capítulo I, os órganos de goberno dos colexios; no capítulo II, a elección dos cargos da Xunta de Goberno e, no capítulo III, o Consello Xeral de Colexios, establecendo a súa natureza, composición, sede, forma de elección e funcións.

O título III, Do réxime xurídico da activade e patrimonio dos entes colexiais, estrutúrase en dous capítulos. O capítulo I aborda a actividade dos colexios, que está suxeita ao dereito administrativo, e o capítulo II, os recursos económicos dos colexios e do Consello Xeral.

O título IV regula o exercicio da profesión baixo forma societaria, mentres que o título V versa sobre o réxime disciplinario.

O título VI regula o procedemento para a reforma dos estatutos e o título VII está dedicado ás disposicións comúns dos colexios e do Consello Xeral, entre as cales se inclúen o portelo único, a memoria anual e o servizo de atención aos colexiados e aos consumidores e usuarios.

A parte final dos estatutos contén unha soa disposición derradeira, sobre o uso do xénero gramatical.

O Pleno do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Industriais e Peritos Industriais de España, na súa reunión do día 19 de decembro de 2015, acordou, por unanimidade, aprobar e remitir o proxecto de novos estatutos xerais para que o aprobe o Goberno, de conformidade co artigo 6.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais. Na elaboración dos estatutos xerais que se aproban mediante este real decreto foron oídos todos os colexios oficiais de enxeñeiros industriais representados polo seu consello xeral, o Colexio Nacional de Enxeñeiros do ICAI, así como a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, Industria e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de marzo de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación dos estatutos.*

Apróbanse os estatutos xerais dos colexios oficiais de enxeñeiros técnicos industriais e peritos industriais de España e do seu consello xeral, que figuran a continuación deste real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación dos estatutos particulares dos colexios.*

Mentres non se produza a adaptación que se prevé na disposición derradeira primeira, os colexios aplicarán os estatutos actualmente vixentes en canto non entren en contradición co disposto nestes estatutos xerais.

Disposición transitoria segunda. *Permanencia transitoria dos membros dos órganos reitores.*

Os membros dos órganos reitores dos colexios oficiais de enxeñeiros técnicos industriais e peritos industriais e do seu consello xeral, na data de aprobación dos presentes estatutos, permanecerán nos seus cargos ata a conclusión do período de tempo para o cal foron elixidos, e cubriranse as vacantes que se produzan conforme a súa normativa estatutaria.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 104/2003, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos xerais dos colexios oficiais de peritos e enxeñeiros técnicos industriais e do seu consello xeral.

Disposición derradeira primeira. *Adaptación dos estatutos dos colexios aos estatutos xerais.*

No prazo dun ano desde a aprobación destes estatutos, os colexios procederán á reforma dos seus estatutos vixentes, polo procedemento sinalado no artigo 34, para

adaptalos ao disposto nestes estatutos. Todo isto sen prexuízo, de ser o caso, do disposto na lexislación autonómica aplicable.

No mesmo prazo o Consello Xeral procederá á reforma dos seus correspondentes regulamentos.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de marzo de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Economía, Industria e Competitividade,
ROMÁN ESCOLANO OLIVARES

ESTATUTOS XERAIS DOS COLEXIOS OFICIAIS DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS E PERITOS INDUSTRIAIS DE ESPAÑA E DO SEU CONSELLO XERAL

Título preliminar.

Capítulo I. Disposicións xerais.

- Artigo 1. Obxecto, composición e natureza organizativa.
- Artigo 2. Réxime xurídico.
- Artigo 3. Alcance.
- Artigo 4. Ámbito territorial.
- Artigo 5. Relacións coa Administración.

Capítulo II. Dos fins e funcións dos colexios.

- Artigo 6. Fins e funcións dos colexios.

Título I.

Capítulo I. Da colexiación.

- Artigo 7. Da colexiación.
- Artigo 8. Requisitos da colexiación.
- Artigo 9. Réxime das incorporacións colexiais.
- Artigo 10. Perda da condición de colexiado.

Capítulo II. Dereitos e deberes dos colexiados.

- Artigo 11. Dereitos dos colexiados en relación coa súa actividade profesional.
- Artigo 12. Deberes dos colexiados no exercicio da súa actividade profesional.
- Artigo 13. Dereitos corporativos dos colexiados.
- Artigo 14. Deberes corporativos dos colexiados.

Capítulo III. Da ordenación do exercicio da profesión.

- Artigo 15. Do exercicio da profesión.
- Artigo 16. Incompatibilidades.
- Artigo 17. Encargos profesionais.
- Artigo 18. Visado.
- Artigo 19. Responsabilidade profesional.
- Artigo 20. Honorarios profesionais.
- Artigo 21. Cobramento de honorarios.

Título II. Da organización colexial.

Capítulo I. Dos órganos de goberno dos colexios.

- Artigo 22. Clases de órganos de goberno.
- Artigo 23. A Xunta Xeral.
- Artigo 24. Réxime de funcionamento da Xunta Xeral.
- Artigo 25. Aprobación das actas.
- Artigo 26. A Xunta de Goberno.
- Artigo 27. Competencias da Xunta de Goberno.
- Artigo 28. O decano.
- Artigo 29. O vicedecano.
- Artigo 30. O secretario.
- Artigo 31. O tesoureiro.
- Artigo 32. O interventor.
- Artigo 33. Dos vogais da Xunta de Goberno.
- Artigo 34. Estatutos particulares e regulamentos internos dos colexios.

Capítulo II. Da elección dos cargos da Xunta de Goberno.

Artigo 35. Cargos electivos e dereito de sufraxio activo e pasivo.

Artigo 36. Procedemento electoral.

Artigo 37. Da moción de censura.

Capítulo III. Do Consello Xeral de Colexios.

Artigo 38. Natureza.

Artigo 39. Funcións do Consello Xeral.

Artigo 40. Sede do Consello Xeral.

Artigo 41. Órganos do Consello Xeral.

Artigo 42. O Pleno.

Artigo 43. Competencias do Pleno.

Artigo 44. Funcionamento do Pleno.

Artigo 45. A Xunta Executiva.

Artigo 46. Órganos unipersoais do Consello Xeral.

Título III. Do réxime xurídico da actividade e do patrimonio dos entes colexiais.

Capítulo I. Do réxime xurídico da actividade.

Artigo 47. Réxime da actividade dos entes colexiais suxeita ao dereito administrativo.

Artigo 48. Silencio administrativo.

Artigo 49. Nulidade e anulabilidade dos actos das corporacións colexiais.

Artigo 50. Acordos dos órganos colexiais.

Artigo 51. Recursos.

Artigo 52. Outras reclamacións.

Artigo 53. Comunicacións entre os colexios e o Consello Xeral.

Artigo 54. Réxime da actividade non suxeita ao dereito administrativo.

Capítulo II. Dos recursos económicos.

Artigo 55. Recursos económicos dos colexios e do Consello Xeral.

Título IV. Do exercicio profesional baixo forma societaria.

Artigo 56. Sociedades profesionais.

Artigo 57. Rexistro de sociedades profesionais.

Título V. Do réxime disciplinario.

Artigo 58. Competencia.

Artigo 59. Infraccións.

Artigo 60. Sancións.

Artigo 61. Procedemento disciplinario.

Artigo 62. Recursos contra as resolucións sancionadoras.

Artigo 63. Prescrición de infraccións e sancións.

Artigo 64. Anotación e cancelación das sancións.

Artigo 65. Réxime supletorio.

Título VI. Da reforma dos estatutos xerais.

Artigo 66. Procedemento para a reforma dos estatutos xerais.

Título VII. Disposicións comúns aos colexios e ao Consello Xeral.

Artigo 67. Portelo único.

Artigo 68. Memoria anual.

Artigo 69. Servizo de atención aos colexiados e aos consumidores e usuarios.

Disposición derradeira única. Uso do xénero gramatical.

TÍTULO PRELIMINAR

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto, composición e natureza organizativa.*

Constitúe o obxecto destes estatutos a regulación da organización, das competencias e do funcionamento dos colexios oficiais e do Consello Xeral de Colexios, sen prexuízo das competencias que nesta materia teñan as comunidades autónomas.

1. Os colexios oficiais da profesión de enxeñeiro técnico industrial e perito industrial de España son corporacións de dereito público de carácter representativo da profesión, amparadas pola lei e recoñecidas polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

2. O Consello Xeral de Colexios é unha corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar que integra, coordina e representa os colexios oficiais da profesión de enxeñeiro técnico industrial e perito industrial de España para o cumprimento dos seus fins.

3. Os consellos autonómicos de colexios existentes e os que se poidan crear terán o carácter e as funcións que as leis de cada comunidade autónoma lles outorguen.

4. A organización corporativa que se regula nos presentes estatutos xerais está integrada polo Consello Xeral dos Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Industriais e Peritos Industriais de España, e polos colexios oficiais da mesma profesión de España, así como polos consellos autonómicos de colexios que existan ou puideren constituírse.

Artigo 2. *Réxime xurídico.*

1. Os colexios oficiais da profesión de enxeñeiro técnico industrial e perito industrial de España quedan suxeitos á Constitución e, de ser o caso, aos estatutos de autonomía que correspondan polo seu ámbito territorial. Así mesmo, rexeranse pola Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais; pola lexislación estatal básica ou de aplicación directa ou xeral que afecte estes colexios; pola lexislación sobre colexios profesionais que, en desenvolvemento da lexislación estatal, aproben as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias e territorios; por estes estatutos xerais e polos estatutos particulares de cada colexio.

2. O Consello Xeral queda igualmente suxeito á Constitución, á referida Lei 2/1974, do 13 de febreiro, á lexislación estatal básica ou de aplicación directa ou xeral e a estes estatutos.

3. A estrutura interna e o funcionamento dos colexios e do Consello Xeral deberán ser democráticos.

Artigo 3. *Alcance.*

Os colexios estarán integrados polos graduados en Enxeñaría da rama Industrial cuxo título universitario oficial cumpra cos requisitos da Orde CIN/351/2009, do 9 de febreiro; polos titulados enxeñeiros técnicos da mesma rama conforme os plans de estudos anteriores ao Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro, conforme os reais decretos 1462/1990, do 26 de outubro, e 1402/1992, do 20 de novembro; 1403/1992, do 20 de novembro; 1404/1992, do 20 de novembro; 1405/1992, do 20 de novembro, e 1406/1992, do 20 de novembro, e os peritos industriais, sempre que estean en posesión do correspondente título oficial recoñecido polo Estado, que o soliciten e cumpran os demais requisitos exixidos por estes estatutos.

Artigo 4. Ámbito territorial.

1. A fusión, absorción, segregación, o cambio de denominación e a disolución dos colexios profesionais da mesma profesión serán promovidos por eles de acordo co previsto nos seus estatutos e, logo de audiencia dos demais colexios afectados, requirirá a aprobación, mediante real decreto, se afectan colexios radicados en distintas comunidades autónomas ou se a normativa autonómica non ten regulados eses procesos, ou mediante decreto da correspondente comunidade autónoma noutro caso.

Aplicarase a lexislación do Estado en casos de cambio de denominación dos colexios existentes na actualidade, no caso de que a normativa autonómica non regule a fusión, absorción, disolución ou segregación de colexios, ou cando estes sexan de diferentes comunidades autónomas.

2. Os novos colexios non poderán ter unha circunscrición territorial inferior á provincia, salvo que a lexislación autonómica correspondente o autorice expresamente, e a súa constitución deberase comunicar ao Consello Xeral.

3. Os colexios poderán establecer delegacións ou demarcacións naquelas localidades distintas da súa cabeceira en que o consideren conveniente.

4. As delegacións poderanse constituír en colexios con suxeición ao previsto nos seus estatutos e na lexislación das comunidades autónomas.

5. Os colexiados de Ceuta e Melilla serano dos colexios de Cádiz e Málaga, respectivamente, e poderanse crear delegacións en cada unha das ditas cidades.

Artigo 5. Relacións coa Administración.

1. Os colexios, en todo o que atinxe aos contidos da súa profesión e aos aspectos institucionais e corporativos recollidos nas leis, relacionaranse coa Administración xeral do Estado a través dos departamentos ministeriais que sexan competentes, e coas administracións autonómicas, a través dos departamentos ou consellerías correspondentes.

2. As relacións coa Administración xeral do Estado estableceranse a través do Consello Xeral en todo o que teña ámbito ou repercusión nacional, comunitaria e internacional.

3. As relacións dos colexios oficiais e do seu consello xeral coas distintas administracións públicas rexeranse polo establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas que resulten aplicables en cada caso.

CAPÍTULO II

Dos fins e funcións dos colexios*Artigo 6. Fins e funcións dos colexios.*

1. Os colexios terán os fins propios destas corporacións profesionais e, como finalidade última, a tutela do correcto exercicio da profesión como garantía dos dereitos dos cidadáns. En particular:

a) A ordenación, no ámbito da súa competencia, do exercicio da profesión de perito industrial e enxeñeiro técnico industrial, de acordo cos criterios básicos que estableza o Consello Xeral, para velar pola ética e a dignidade profesional, e polo respecto debido á sociedade.

b) A representación institucional exclusiva no seu ámbito territorial da profesión, de conformidade coa lexislación aplicable, sempre que a colexiación sexa obrigatoria.

c) A defensa dos intereses profesionais dos colexiados.

d) A protección dos intereses dos consumidores e usuarios.

2. Os colexios, no seu ámbito territorial, terán as seguintes funcións:
 - a) Cantas funcións redunden en beneficio da protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos seus colexiados.
 - b) Exeracer cantas funcións lles sexan encomendadas pola Administración e colaborar con esta mediante a realización de estudos, emisión de informes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que lles poidan ser solicitadas ou acorden formular por propia iniciativa.
 - c) Ordenar a actividade profesional dos colexiados.
 - d) Exeracer a potestade disciplinaria na orde profesional e colexial sobre os colexiados.
 - e) Facilitarlles aos tribunais, conforme as leis, a relación de colexiados que puideren ser requiridos para interviren como peritos nos asuntos xudiciais, ou designalos directamente, segundo proceda.
 - f) Exeracer, no seu ámbito competencial, a representación exclusiva e a defensa dos dereitos e intereses da profesión ante toda clase de institucións, tribunais, administracións públicas, entidades sociais e particulares.
 - g) Adoptar medidas para que ningunha persoa realice actos propios da profesión de enxeñeiro técnico industrial sen posuír o correspondente título académico ou sen que poida acreditar a súa pertenza a un colexio cando, neste caso, a colexiación sexa obrigatoria.
 - h) Recoller e canalizar as aspiracións da profesión elevando aos organismos oficiais competentes cantas suxestións garden relación co perfeccionamento e coas normas que rexan a prestación de servizos propios.
 - i) Participar na formulación do perfil profesional dos colexiados promovendo a certificación de competencias e o desenvolvemento profesional continuo mediante experiencia, formación continua, etc.
 - j) Realizar o recoñecemento de sinatura, o visado, a revisión documental, o rexistro ou calquera que sexa a súa denominación, de proxectos, informes, ditames, valoracións, peritaxes e demais traballos que leven a cabo os colexiados, nos termos e casos previstos na lexislación vixente.
 - k) Encargarse do cobramento das percepcións, remuneracións ou honorarios profesionais cando o colexiado o solicite libre e expresamente, nos casos en que o colexio dispoña dos servizos adecuados e nas condicións que se determinen nos estatutos de cada colexio.
 - l) Emitir informe e ditaminar nos procedementos administrativos ou xudiciais en que se discutan cuestións relacionadas cos honorarios profesionais dos colexiados e establecer baremos orientativos para os únicos efectos de taxación de custas e de xura de contas dos avogados.
 - m) Intervir, en vía de conciliación ou arbitraje, nas cuestións que por motivos profesionais se susciten entre os colexiados ou entre estes e os seus clientes.
 - ñ) Calquera outra función que redunde en beneficio dos intereses dos colexiados ou da Enxeñaría Técnica Industrial.
 - n) Fomentar e promover os servizos da mutualidade de previsión social dos enxeñeiros técnicos industriais (MUPITI).
 - p) Levar o Rexistro de Colexiados e de Sociedades Profesionais integradas por colexiados.
 - q) Crear e manter un portelo único, nos termos previstos na Lei 2/1974, do 13 de febreiro.
 - r) Elaborar e publicar unha memoria anual, nos termos previstos na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e nestes estatutos.
 - s) Crear e manter un servizo de atención aos colexiados e aos consumidores e usuarios.
 - t) Participar na elaboración dos plans de estudo e emitir informe sobre as normas de organización dos centros docentes correspondentes á profesión sempre que o soliciten os ditos centros, mantendo permanente contacto con eles, e preparar a información necesaria para facilitar o acceso á vida profesional dos novos profesionais.

u) Cumprir e facer cumprir aos Colexiados as leis xerais e especiais e os estatutos profesionais e regulamentos de réxime interior, así como as normas e decisións adoptadas polos órganos Colexiais en materia da súa competencia.

v) Organizar actividades e servizos comúns de interese para os Colexiados, de carácter profesional, formativo, cultural, asistencial e de previsión e outros análogos, procurando o sostemento económico mediante os medios necesarios.

w) Atender as solicitudes de información sobre os seus Colexiados e sobre as sancións firmes impostas a eles, así como as peticións de inspección ou investigación que lles formule calquera autoridade competente dun Estado membro e institucións da Unión Europea nos termos previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, en particular no que se refire a que as solicitudes de información e de realización de controis, inspeccións e investigacións estean debidamente motivadas e que a información obtida se empregue unicamente para a finalidade para a cal se solicitou.

x) Exercer as funcións de autoridade competente nos termos reflectidos na lexislación vixente e, especificamente, na Lei 17/2009, do 23 de novembro, na medida en que así o dispoña a lexislación sobre Colexios profesionais.

y) Procurar a harmonía e a colaboración entre os Colexiados velando por que estes desenvolvan a súa actividade profesional en réxime de libre competencia, con suxeición aos límites establecidos na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia; na Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal, e na Lei 34/1998, do 11 de novembro, xeral de publicidade.

TÍTULO I

CAPÍTULO I

Da Colexición

Artigo 7. *Da Colexición.*

1. Son membros da organización Colexial todos os Colexiados de España, entendendo como organización Colexial o definido na Lei 2/1974, do 13 de febreiro.

Será requisito indispensable para exercer os actos propios da profesión de enxeñeiro técnico industrial e perito industrial estar Colexiado nun Colexio oficial de enxeñeiros técnicos industriais e peritos industriais de España sempre e cando así o mantexa unha lei estatal.

Salvo que legalmente se estableza o contrario, quedan exceptuados do requisito de incorporación os enxeñeiros técnicos industriais e peritos industriais sometidos a réxime funcional que desenvolvan as súas actividades exclusivamente nas administracións públicas.

2. A Colexición deberase realizar no Colexio cuxa circunscrición territorial corresponda ao lugar onde o profesional teña o seu domicilio fiscal profesional.

3. Non se poderá limitar o número de Colexiados inscritos nun Colexio nin tampouco pechase temporal ou definitivamente a admisión de novos Colexiados.

4. A incorporación ao Colexio que corresponda habilita para o exercicio da profesión en todo o territorio do Estado.

Os Colexios en cuxo ámbito territorial non radique o indicado domicilio fiscal profesional non poden exixir ningunha comunicación nin habilitación, nin pagamento de contraprestacións económicas distintas daquelas que o Colexio de destino exixa habitualmente aos seus Colexiados pola prestación dos servizos de que sexan beneficiarios e que non se encontren cubertos pola cota Colexial, sen prexuízo da comunicación ao Colexio propio e das relacións deste co de destino.

En caso de exercicio profesional en territorio distinto ao da colexiación, e para os efectos de exercer as competencias de ordenación e potestade disciplinaria que correspondan ao colexio do territorio en que se exerza a actividade profesional, en beneficio dos consumidores e usuarios, os colexios deberán utilizar os mecanismos de comunicación e os sistemas de cooperación administrativa entre autoridades competentes previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro; as sancións impostas, de ser o caso, polo colexio do territorio en que se exerza a actividade profesional producirán plenos efectos en toda España.

5. No caso de establecemento dun profesional doutro Estado membro da Unión Europea, observarase o disposto na normativa vixente en aplicación do dereito comunitario relativa ao recoñecemento de cualificacións.

Artigo 8. *Requisitos da colexiación.*

1. Para a incorporación a un colexio requírese, con carácter xeral:

- a) Ter o correspondente título oficial recoñecido polo Estado.
- b) Ter a nacionalidade española ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea, sen prexuízo do disposto nos tratados internacionais ratificados polo Estado español e publicados no «Boletín Oficial del Estado».
- c) Non estar suxeito á pena de inhabilitación para o exercicio profesional por sentenza firme nin encontrarse impedido para tal exercicio por unha anterior sanción disciplinaria firme, ou calquera outra incapacidade legal que impida a colexiación.
- d) Satisfacer a cota de ingreso correspondente, de ser o caso, que non deberá superar os custos de tramitación.

2. Poderán ser nomeadas colexiados de honra aquelas persoas naturais ou xurídicas, nacionais ou estranxeiras que, teñan ou non titulación académica, reúnan méritos ou prestasen servizos relevantes a favor do colexio ou da profesión en xeral. Estes nomeamentos só terán efectos honoríficos.

Artigo 9. *Réxime das incorporacións colexiais.*

1. A incorporación aos colexios ten carácter regrado e non se lles poderá denegar a aqueles que reúnan os requisitos fixados no artigo anterior, salvo o disposto neste precepto.

2. As xuntas de goberno dos colexios resolverán, logo dos informes oportunos, as solicitudes de colexiación no prazo de dous meses, mediante acordo motivado, contra o cal caberán os recursos establecidos nestes estatutos.

A colexiación entenderase producida, respecto das solicitudes deducidas en debida forma, unha vez transcorrido o prazo de dous meses sen que houberse resolución expresa.

3. A incorporación ao colexio suspenderase, e con ela os dereitos inherentes á condición de colexiado, como consecuencia:

- a) Da inhabilitación ou incapacitación temporal para o exercicio profesional decretada mediante resolución xudicial firme.
- b) Da suspensión no exercicio profesional imposta por sanción disciplinaria colexial devida firme.

A situación de suspensión manterase mentres subsista a causa que a determina.

4. A regulación exposta será obxecto do pertinente desenvolvemento nos estatutos particulares dos colexios, de conformidade co previsto nestes estatutos e na lexislación sobre colexios profesionais estatal e autonómica.

Artigo 10. *Perda da condición de colexiado.*

1. Serán causas de perda da condición de colexiado:

- a) A condena por sentenza firme que comporte a pena principal ou accesoria de inhabilitación para o exercicio da profesión.

O Colexiado estará obrigado a comunicar ao Colexio a sentenza condenatoria dentro dos dez días seguintes a aquel en que se lle notifique, sen prexuízo de absterse de toda actividade profesional desde que produza efectos a sentenza condenatoria.

b) A expulsión disciplinaria acordada mediante resolución corporativa firme.

A sanción de expulsión disciplinaria producirá efectos desde que sexa firme.

O órgano que impuxese a sanción notificarallo ao Consello autonómico correspondente e ao Consello Xeral, que lle lo comunicará aos demais Colexios.

c) A baixa voluntaria do Colexiado que, no caso dos exercentes da profesión, só se admitirá logo de manifestación do cesamento da actividade profesional, terá efectos desde a súa solicitude, ben que non eximirá do pagamento das cotas e doutras débedas vencidas.

d) O falecemento do Colexiado.

e) O descuberto nas cotas Colexiais por importe superior a unha anualidade ou, de ser o caso, o que fixen os estatutos de cada Colexio, logo de requirimento de pagamento notificado con, polo menos, un mes de antelación, desatendido polo Colexiado.

2. A falta de pagamento de cotas e doutras achegas Colexiais por importe mínimo dun trimestre ou, de ser o caso, o que fixen os estatutos de cada Colexio, logo de requirimento do seu aboamento, non producirá a perda da condición de Colexiado pero si a suspensión de todos os seus dereitos corporativos, sen prexuízo do disposto no título IV destes estatutos e do alzamento da suspensión dos dereitos tan pronto como o Colexiado se poña ao día nos seus pagamentos.

CAPÍTULO II

Dereitos e deberes dos Colexiados

Artigo 11. *Dereitos dos Colexiados en relación coa súa actividade profesional.*

Serán dereitos dos Colexiados:

1. Os Colexiados teñen dereito ás consideracións debidas á súa profesión recoñecidas pola lexislación e polas normas estatutarias.

2. Os Colexiados teñen dereito ao libre exercicio da súa profesión sen que a Administración nin terceiros limiten as atribucións profesionais que teñan recoñecidas nas leis.

3. Os Colexiados teñen dereito ao cobramento de honorarios profesionais polos servizos prestados aos seus clientes, nos termos previstos nestes estatutos e nas demais disposicións vixentes.

4. Realizar, a través do sistema de portelo único, os trámites necesarios e obter a información precisa para o acceso á súa actividade profesional e ao seu exercicio, incluídas a Colexiación e a baixa de forma electrónica.

5. Todos aqueles que derivan dos presentes estatutos e dos estatutos do Colexio a que pertence.

Artigo 12. *Deberes dos Colexiados no exercicio da súa actividade profesional.*

1. Cumprir coas prescricións legais que sexan de obrigada observancia nos traballos profesionais que realicen.

2. Someter a visado do Colexio correspondente todos os traballos que subscriban no exercicio da súa profesión, calquera que sexa o cliente ou destinatario daqueles, nos casos e termos previstos na lexislación vixente.

Artigo 13. *Dereitos corporativos dos Colexiados.*

1. Ademais dos dereitos sinalados no artigo 11 en relación coa súa actividade profesional, correspóndenlles aos Colexiados os seguintes dereitos corporativos:

a) De sufraxio activo e pasivo en relación con todos os cargos electivos dos Colexios e do Consello Xeral, nos termos previstos no artigo 35 e sen prexuízo do establecido no artigo 46.

- b) A participar na vida colexial, segundo os termos fixados nestes estatutos ou nos dos colexios.
- c) A dirixir suxestións e peticións por escrito aos órganos de goberno dos colexios.
- d) A solicitar o amparo do colexio correspondente cando consideren lesionados ou menoscabados os seus dereitos e intereses profesionais ou corporativos ou non se respecte a consideración e o trato que lles está recoñecido.
- e) A participar no uso e desfrute dos bens do colexio e dos servizos que este teña establecidos, na forma regulamentariamente prevista.
- f) A portar as insignias e os distintivos propios da profesión.
- g) A coñecer a contabilidade colexial na forma que determine cada colexio, pero sen que en ningún caso se poida privar de real efectividade este dereito.
- h) A dispoñer dunha guía profesional co enderezo das oficinas e despachos dos colexiados correspondentes e con suxeición ao previsto na lexislación sobre protección de datos persoais, de ser o caso, a través do portelo único do Colexio.

2. Os colexiados que, reunindo os requisitos exixidos, se acollan voluntariamente á xubilación como profesionais conservarán todos os dereitos corporativos, sen prexuízo do disposto no número 4 do artigo 35.

Artigo 14. *Deberes corporativos dos colexiados.*

- 1. Cumprir as prescricións legais en materia de previsión social.
- 2. Cumprir as resolucións dos órganos de goberno do colexio e do Consello Xeral.
- 3. Desempeñar as funcións que lles encomenden os órganos de goberno do colexio a que pertenzan.
- 4. Pagar as cotas e os dereitos que fosen aprobados polo colexio para o seu sostemento e para fins de previsión e mutuo auxilio.
- 5. Facer respectar o exercicio profesional e o das institucións colexiais.
- 6. Gardar o segredo profesional.
- 7. Gardar respecto aos membros dos órganos de goberno da corporación e aos demais compañeiros.
- 8. Comunicar e facilitar ao colexio calquera cambio ou modificación do domicilio fiscal profesional e facilitar os datos que sexan requiridos legal ou estatutariamente para mellorar a atención e a información.

CAPÍTULO III

Da ordenación do exercicio da profesión

Artigo 15. *Do exercicio da profesión.*

O exercicio da profesión realizarase en réxime de libre competencia e estará suxeito, en canto á oferta de servizos e fixación da súa remuneración, á lexislación sobre competencia e sobre competencia desleal.

Artigo 16. *Incompatibilidades.*

- 1. O exercicio da profesión é incompatible con calquera situación prevista como tal na lei.
- 2. O profesional en quen conorra algunha causa de incompatibilidade deberá comunicalo inmediatamente á Xunta de Goberno do seu colexio e cesar no exercicio da profesión.

Artigo 17. *Encargas profesionais.*

- 1. Salvo que resulte outra cousa dos termos da encarga profesional, o cliente pode resolver a encarga feita a un colexiado e facerlla a outro do mesmo ou doutro colexio, sen

prexuízo do pagamento dos honorarios devindicados ata a data polo anterior colexiado, segundo expresión detallada da parte do traballo realizada por el.

2. A nova encargada producirá efectos desde a súa data, e así o novo colexiado quedará habilitado para realizar os traballos que se lle encarguen.

3. O disposto nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo das accións xudiciais que asistan o colexiado, primeiro titular da encargada e do exercicio destas, de ser o caso, polo propio Colexio, conforme o previsto nestes estatutos.

4. As encargadas profesionais suxeitaranse, en todo caso, ao previsto na Lei 17/2009, do 23 de novembro.

Artigo 18. *Visado.*

1. O visado é unha función pública descentralizada que, por atribución da lei e cando esta o exige, exercen os colexios en relación cos proxectos e demais traballos profesionais dos colexiados en garantía dos intereses dos clientes e do interese público xeral.

O visado será voluntario salvo nos casos en que resulte obrigatorio, conforme a Lei 2/1974, do 13 de febreiro, ou o Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, así como cando o solicite expresamente o cliente.

2. O obxecto do visado é comprobar, polo menos:

a) A identidade e a habilitación profesional do autor do traballo, utilizando para iso os rexistros de colexiados previstos nestes estatutos.

b) A corrección e a integridade formal da documentación do traballo profesional, de acordo coa normativa aplicable ao traballo de que se trate.

c) A subscrición e a vixencia do seguro de responsabilidade civil previsto no artigo 19, nos casos e coa contía que estableza o ordenamento xurídico aplicable.

d) A adscrición do colexiado ao réxime de Seguridade Social ou, de ser o caso, mutualidade alternativa procedente, comprobación que se realizará anualmente a través da habilitación profesional.

En todo caso, o visado expresará claramente cal é o seu obxecto, detallando que cuestións son sometidas a control, e informará sobre a responsabilidade que, de acordo co previsto no punto seguinte, asume o Colexio.

3. En caso de danos derivados dun traballo profesional que visase o colexio, en que resulte responsable o seu autor, o colexio responderá subsidiariamente dos danos que teñan a súa orixe en defectos que deberían ter sido postos de manifesto polo colexio ao visar o traballo profesional e que garden relación directa cos elementos que se visaron nese traballo concreto.

4. Cando o visado colexial sexa preceptivo, o seu custo será razoable, non abusivo nin discriminatorio. Os colexios farán públicos os prezos dos visados dos traballos, que se poderán tramitar por vía telemática.

5. O visado non comprenderá os honorarios nin as demais condicións contractuais cuxa determinación se deixa ao libre acordo das partes, e non sancionará o contido do traballo profesional nin a súa corrección técnica.

6. No caso de traballos profesionais que deban producir efectos fóra do ámbito territorial do colexio que outorga o visado, este dirixiralle ao colexio en cuxo ámbito produza os seus efectos o traballo unha comunicación identificativa do colexiado autor do traballo e do traballo mesmo, para os efectos do exercicio polo dito colexio das funcións que legalmente lle corresponden. O visado dos traballos profesionais realizaraos o colexio que, de ser o caso, determine a normativa aplicable.

7. O Consello Xeral desenvolverá e fomentará o uso dos modelos procedementais tendentes a establecer a calidade do servizo de visado.

8. Así mesmo, o Consello Xeral formulará modelos organizativos de simplificación e economía que faciliten o acceso ao servizo dos seus usuarios baseado no principio de corresponsabilidade.

9. No marco dos criterios xerais acordados polo Consello Xeral, os colexios establecerán procedementos de valor engadido, de verificación técnico-profesional, nos cales garantan aspectos técnicos dos traballos, a súa calidade e a súa adecuación á normativa vixente en canto ás solucións técnicas adoptadas, aos elementos descritivos e aos cálculos, salvagardando a liberdade de proxectar dos colexiados.

10. O establecido no presente artigo será de aplicación, no que proceda, ás demais actuacións colexiais recollidas na alínea i) do número 2 do artigo 6 destes estatutos.

Cando proceda, aplicarase en relación con estes procedementos o previsto no número 6 deste artigo.

Artigo 19. *Responsabilidade profesional.*

O colexiado responde directamente polos traballos profesionais que subscribe e está obrigado a manter unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os danos derivados dos traballos que realice, nos casos e coa contía que exixa unha norma con rango de lei.

Artigo 20. *Honorarios profesionais.*

1. Os honorarios son libres e os colexiados poderán pactar o seu importe e as condicións de pagamento co seu cliente, ben que deberán observar as prohibicións legais relativas á competencia desleal.

2. Os colexios poderán establecer criterios orientativos de honorarios só para os efectos das taxacións de custas e de xura de contas dos avogados. Os ditos criterios serán igualmente válidos para o cálculo de honorarios e dereitos que correspondan, para os efectos de taxación de custas en asistencia xurídica gratuíta.

Artigo 21. *Cobramento de honorarios.*

O cobramento dos honorarios profesionais dos colexiados devindicados no exercicio libre da profesión farase cando o colexiado o solicite libre e expresamente, a través do colexio correspondente, sempre que o colexio teña establecido o dito servizo e nas condicións que se determinen nos seus estatutos.

TÍTULO II

Da organización colexial

CAPÍTULO I

Dos órganos de goberno dos colexios

Artigo 22. *Clases de órganos de goberno.*

1. En todos os colexios existirán, como mínimo, os seguintes órganos: a Xunta de Goberno, a Xunta Xeral, o decano, o vicedecano, o secretario, o tesoureiro e o interventor, coas atribucións previstas nestes estatutos, e aqueles outros cargos unipersoais fixados nos seus estatutos.

2. Os estatutos de cada colexio poderán crear ou autorizar a creación dunha comisión executiva da Xunta de Goberno para que, logo de delegación desta, atenda ou resolva os asuntos urxentes que se lle encomenden.

3. Tamén poderán prever a creación ou a autorización para que se creen outros órganos unipersoais ou colexiados de mera xestión das actividades ou servizos comúns que ofrezca o Colexio, ou de preparación e estudo de asuntos que deben resolver outros órganos de goberno.

Artigo 23. *A Xunta Xeral.*

1. A Xunta Xeral é o órgano superior de expresión da vontade do colexio no cal están representados todos os colexiados. Os seus acordos, adoptados conforme os presentes estatutos e as disposicións dos estatutos do propio Colexio, serán de obrigado cumprimento para todos os colexiados.

2. Corresponde á Xunta Xeral:

a) A elaboración dos estatutos do colexio e das súas modificacións posteriores, que serán necesariamente aprobados polo Consello Xeral, por maioría absoluta, sempre que estean de acordo coa Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e con estes estatutos.

b) A aprobación do orzamento, das contas anuais, da cota colexial periódica e a da incorporación ao Colexio. O importe da cota de incorporación do colexio non poderá ser restritiva do dereito á colexiación nin superar os custos asociados á tramitación da inscrición.

c) A aprobación da xestión da Xunta de Goberno e da memoria anual do Colexio.

d) O establecemento ou supresión, de ser o caso, dos servizos corporativos necesarios para o cumprimento dos seus fins.

e) Aprobación do código deontolóxico profesional, que será conforme co que poida aprobar o Pleno do Consello Xeral.

Artigo 24. *Réxime de funcionamento da Xunta Xeral.*

1. A Xunta Xeral poderá celebrar sesións ordinarias ou extraordinarias.

2. Sen prexuízo do que ao respecto dispoñan os seus estatutos, no mes de febreiro o colexio celebrará unha xunta xeral ordinaria para a aprobación do orzamento e a renovación de cargos directivos, se procede. Nesta xunta xeral ordinaria aprobaranse as contas anuais e daráselles aos colexiados unha información xeral sobre a marcha do colexio en todos os seus aspectos.

3. A convocatoria de toda xunta xeral ordinaria cursarase a todos os colexiados cun mes, polo menos, de antelación á data de celebración da sesión.

Os acordos da Xunta Xeral adoptaranse por maioría simple de asistentes, salvo que legal ou estatutariamente se exixa unha maioría reforzada.

4. A Xunta Xeral celebrará sesión extraordinaria logo de convocatoria decidida polo decano, ou por acordo da Xunta de Goberno ou por petición dun número de colexiados que fixen os estatutos de cada colexio; a convocatoria expresará os asuntos concretos que deban tratarse nela. A Xunta terá que celebrarse no prazo máximo dun mes contado desde o acordo do decano ou da Xunta de Goberno, nos dous primeiros casos, ou desde a presentación da solicitude, no terceiro.

5. Os estatutos colexiais determinarán os requisitos de convocatoria e o quórum de asistencia para a válida constitución da Xunta Xeral. Na falta de previsión dos estatutos de cada colexio para a válida constitución da Xunta Xeral, tanto en sesión ordinaria como extraordinaria, será necesaria a asistencia da maioría absoluta dos seus membros en primeira convocatoria e poderase celebrar a segunda convocatoria media hora máis tarde, na cal abundará, para a válida constitución das xuntas, a presenza do decano e do secretario, ou aqueles que regulamentariamente os suplan, calquera que sexa o número de colexiados asistentes.

Artigo 25. *Aprobación das actas.*

Os acordos da Xunta Xeral serán executivos independentemente de cando se produza a aprobación da acta.

Artigo 26. *A Xunta de Goberno.*

1. A Xunta de Goberno é o órgano representativo e executivo ao cal lle corresponde o goberno do colexio e estará composta polo decano, o vicedecano, o secretario, o tesoureiro, o interventor e o número de vogais e outros cargos previstos nos estatutos de cada colexio

que, polo menos, deberán ser catro. O funcionamento e as competencias da Xunta de Goberno estarán regulados polos estatutos do colexio, sen prexuízo de que a propia Xunta se dote dun regulamento de funcionamento.

2. Os estatutos de cada colexio poderanlles exixir determinada antigüidade e outras condicións aos cargos da Xunta de Goberno.

Artigo 27. *Competencias da Xunta de Goberno.*

Correspóndenlle á Xunta de Goberno a dirección e a administración do colexio para o cumprimento dos seus fins, en todo aquilo que de maneira expresa non compete á Xunta Xeral.

De modo especial, correspóndelle á Xunta de Goberno:

1. Velar polo cumprimento dos fins da organización colexial no seu ámbito territorial.
2. Aprobar os informes, estudos, ditames, laudos e arbitrxes encomendados ao Colexio.
3. A formación do orzamento e a rendición das contas anuais.
4. Propoñerlle á Xunta Xeral as cotas que deben aboar os colexiados.
5. Dirixir a xestión económica do colexio e propoñerlle á Xunta Xeral os investimentos ou actos de disposición dos bens patrimoniais do Colexio.
6. A admisión e baixa dos colexiados, cos requisitos e mediante a tramitación establecida nos artigos 8, 9 e 10 dos estatutos.
7. Convocar e fixar a orde do día das xuntas xerais e a execución dos seus acordos, sen prexuízo das facultades do decano de decidir por si mesmo a convocatoria de calquera clase de xunta xeral coa orde do día que el mesmo decida.
8. Mediar na resolución dos problemas que poidan xurdir entre os colexiados.
9. Exercer a potestade disciplinaria.
10. Convocar eleccións para prover os cargos da Xunta de Goberno.
11. Elaborar e aprobar os regulamentos de réxime interior cando así se prevexa nos estatutos.
12. Acordar o exercicio de toda clase de accións e recursos, ordinarios e extraordinarios, administrativos e xurisdicionais ante calquera organismo administrativo, xulgado ou tribunal, ou ante o Tribunal Constitucional.
13. As demais funcións que lle encomenden directamente as leis, estes estatutos e os estatutos do Colexio.
14. As funcións que sexan competencia do colexio e non estean expresamente atribuídas a outros órganos colexiais.

Artigo 28. *O decano.*

1. Quen desempeñe o cargo de decano deberase encontrar no exercicio da profesión en calquera das súas formas.

2. Correspóndenlle ao decano cantas funcións lle confiran os estatutos particulares e, en todo caso:

a) Correspóndenlle ao decano a presidencia e a representación oficial do colexio e, así mesmo, exercerá a capacidade de obrar da corporación en todas as súas relacións coas autoridades, corporacións, xuíces, tribunais e particulares, sen prexuízo de que, en casos concretos, as xuntas de goberno poidan encomendar as ditas funcións a determinados colexiados ou a comisións constituídas para o efecto.

b) Convocar e fixar a orde do día de calquera reunión colexial, incluída a da Xunta Xeral, dirixir as deliberacións e autorizar coa súa sinatura as actas da Xunta Xeral e de Goberno.

c) Dar posesión aos membros da Xunta de Goberno.

d) Autorizar coa súa sinatura os títulos de incorporación ao Colexio. De ser o caso, o carné nacional deberá ir referendado polo Consello Xeral, quen o unificará para toda España.

- e) Autorizar coa súa sinatura as certificacións que expida o secretario do Colexio.
- f) Autorizar e asinar os libramentos ou as ordes de pagamento e asinar os documentos necesarios para a apertura de contas correntes, así como os cheques expedidos pola tesouraría e demais autorizacións para retirar cantidades.
- g) Todas aquelas que lle outorguen os estatutos colexiais.

Artigo 29. *O vicedecano.*

- 1. Correspóndenlle ao vicedecano todas as funcións que lle delegue o decano, sen que poida este delegarlle a totalidade das que ten atribuídas.
- 2. O vicedecano asumirá as funcións do decano en caso de ausencia, enfermidade ou vacante.

Artigo 30. *O secretario.*

Independentemente dos dereitos e obrigacións especiais que lle confiran os estatutos particulares e os acordos da respectiva Xunta de Goberno, correspóndenlle ao secretario as seguintes atribucións:

- 1. Redactar e cursar, seguindo as instrucións do decano, a convocatoria e a orde do día da Xunta Xeral, da Xunta de Goberno e dos demais órganos colexiados dos cales sexa membro, así como preparar e facilitar a documentación necesaria para a deliberación e adopción de resolucións na sesión correspondente.
- 2. Redactar a acta das sesións da Xunta Xeral, da Xunta de Goberno e dos demais órganos colexiados dos cales forme parte.
- 3. Levar e custodiar os libros de actas e a documentación que reflicten a actuación dos órganos citados no número anterior, e dos demais libros de obrigada xestión no Colexio.
- 4. Redactar a memoria anual.
- 5. Expedir certificacións, co visto e prace do decano.
- 6. Asinar por si, ou co decano en caso necesario, as ordes, a correspondencia e os demais documentos administrativos de xestión ordinaria.
- 7. Exercer a xefatura do persoal do Colexio.
- 8. Ter ao seu cargo o arquivo xeral do colexio e o seu selo.
- 9. Recibir e dar conta ao decano de cantas solicitudes e comunicacións se reciban no Rexistro Xeral do Colexio.
- 10. Cumprir e facer cumprir ao persoal ás súas ordes os acordos da Xunta Xeral e da Xunta de Goberno, e as ordes do decano, cuxa execución lle correspondan.

Artigo 31. *O tesoureiro.*

Correspóndelle ao tesoureiro:

- 1. Recadar e custodiar os fondos do Colexio e ser responsable deles, para o cal asinará recibos e recibirá cobramentos.
- 2. Pagar os libramentos que expida o decano e os demais pagamentos de ordinaria administración autorizados de forma xeral ata a contía autorizada polo decano.
- 3. Ingresar e retirar fondos das contas bancarias, conxuntamente coa sinatura autorizadora do decano.
- 4. Cobrar os xuros e as rendas do capital.
- 5. Dar conta da falta de pagamento das cotas dos colexiados para que a Xunta de Goberno adopte as medidas procedentes.

Artigo 32. *O interventor.*

Correspóndenlle ao interventor:

- 1. Levar os libros de contabilidade legalmente exixidos.
- 2. Asinar a conta de ingresos e pagamentos mensuais para informe da Xunta de Goberno, así como a conta anual para a súa aprobación pola Xunta Xeral.

3. Elaborar a memoria económica anual e dar a coñecer a todos os colexiados o balance de situación económica do Colexio.
4. Elaborar o anteproxecto de orzamentos do colexio.
5. Levar o inventario dos bens do colexio.

Artigo 33. *Dos vogais da Xunta de Goberno.*

Correspóndelles aos vogais da Xunta de Goberno:

1. O desempeño das funcións que lles delegue ou encomende o decano ou a Xunta de Goberno.
2. Substituír os titulares dos restantes cargos da Xunta de Goberno en caso de ausencia, enfermidade ou vacante temporal, sen prexuízo do disposto nestes estatutos.
3. Asistir, en quenda cos restantes vogais, ao domicilio social do colexio para atender o despacho dos asuntos que o requiran.

Artigo 34. *Estatutos particulares e regulamentos internos dos colexios.*

Os colexios regularán o seu funcionamento mediante os seus propios estatutos particulares e regulamentos internos que deberán ser comunicados, así como as súas modificacións, ao Consello Xeral, que deberá aprobalos por maioría absoluta, sempre que estean de acordo coa Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e con estes estatutos.

CAPÍTULO II

Da elección dos cargos da Xunta de Goberno

Artigo 35. *Cargos electivos e dereito de sufraxio activo e pasivo.*

1. Poderán ser candidatos os colexiados que, tendo a condición de electores, non estean incurso en prohibición ou incapacidade legal ou estatutaria para seren candidatos e reúnan as condicións de antigüidade e residencia, ou outras de carácter profesional, exixidas polos estatutos particulares dos colexios.

Ademais, para ser candidato precisárase ter o dereito de sufraxio activo e encontrarse no exercicio da profesión en calquera das súas formas, salvo que os estatutos do colexio reserven algún ou algúns cargos para colexiados non exercentes.

2. Os membros da Xunta de Goberno dos colexios serán elixidos conforme o que establezan os seus estatutos.

3. A elección terá lugar mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto de todos os electores. A emisión do voto poderase realizar persoalmente, por correo ou polos medios telemáticos nas condicións que establezan os estatutos colexiais.

4. O dereito de sufraxio activo correspóndelles a todos os colexiados que estean ao día no pagamento das cotas colexiais e no pleno disfrute dos dereitos corporativos.

Artigo 36. *Procedemento electoral.*

1. A convocatoria das eleccións correspóndelle á Xunta de Goberno.

2. A convocatoria realizarase cun mes mínimo de antelación á data de celebración das eleccións, e deberá comunicárselles a todos os colexiados e inserirse no taboleiro de anuncios. No dito taboleiro publicarase tamén a lista de electores con dereito de sufraxio activo na data da convocatoria.

A convocatoria deberá expresar os cargos obxecto de elección, a data límite para a presentación de candidaturas, os recursos contra a proclamación e denegación destas e o día, a hora e o lugar en que se deben celebrar as eleccións.

3. Os estatutos de cada colexio establecerán un procedemento electoral que deberá garantir, como mínimo:

a) A duración do mandato dos candidatos elixidos, que non poderá ser superior a catro anos, sen prexuízo da posibilidade de reelección conforme os propios estatutos.

- b) O exercicio efectivo dos dereitos recoñecidos aos colexiados no artigo 13 destes estatutos.
- c) A comunicación das propostas electorais dos candidatos.
- d) A transparencia e obxectividade do proceso electoral, a igualdade das candidaturas e a imparcialidade da Xunta de Goberno saínte.
- e) As vías de recurso para a defensa dos dereitos electorais.
- f) A celeridade na resolución dos recursos.

4. Se por calquera causa quedan vacantes máis da metade dos cargos da Xunta de Goberno dun colexio, o Consello Autonómico ou, na súa falta, o Consello Xeral, designarán unha xunta provisional de entre os colexiados máis antigos no prazo de tempo máis breve posible. Esta xunta deberá convocar eleccións para a provisión dos cargos vacantes no prazo máis breve posible e nunca superior a tres meses.

Artigo 37. *Da moción de censura.*

1. Poderase propoñer a censura de calquera membro da Xunta de Goberno, conxuntamente a de varios ou todos, mediante proposta motivada subscrita por un número de colexiados que represente, polo menos, o dez por cento (10%) dos colexiados, ou o quince por cento (15%) se se propón a censura do decano ou da maioría ou totalidade da Xunta de Goberno. A proposta deberá incluír o nome do candidato ou candidatos ao cargo ou cargos aos cales se refira a censura e a aceptación asinada dos ditos candidatos.

A proposta presentarase e tramitarase conxuntamente para todos aqueles cuxa censura se propoña.

Non se poderá propoñer a censura de ningún membro da Xunta ata transcorridos seis meses da súa toma de posesión.

2. Presentada a moción de censura e verificado o cumprimento dos seus requisitos, debaterase en xunta xeral extraordinaria, que deberá ter lugar dentro dos trinta (30) días hábiles seguintes ao da presentación.

O debate comezará pola defensa da moción, que lle corresponderá ao candidato que para tal fin se designe na proposta que, de ser censurado o decano, deberá ser en todo caso o candidato a decano. A continuación intervirá o censurado que, de seren varios, será o que designe a Xunta de Goberno, ben que, de ser censurado o decano, será este o que interveña.

3. Seguidamente, abrirase un debate entre os asistentes, na forma ordinaria prevista para as xuntas xerais; concluído este, volverán intervir o defensor da moción e quen se opuxo a ela.

Os votos emitíranse a favor ou en contra da moción, sen que os que voten a favor poidan excluír da censura ningún daqueles para os cales se propoña nin tampouco ningún dos candidatos propostos.

4. Se a participación na votación non acada o vinte por cento (20%), polo menos, dos colexiados, ou o vinte e cinco por cento (25%) se se propón a censura do decano ou da maioría da Xunta de Goberno, a moción entenderase rexeitada sen necesidade de proceder ao escrutinio.

Se se alcanza a participación mínima indicada, será precisa a maioría de dous terzos dos votos validamente emitidos para a aprobación da moción.

Se a moción non é aprobada, non poderá presentar outra ningún colexiado dos que a subscribisen ata transcorrido un ano do primeiro día de votación, nin tampouco contra os mesmos cargos ata pasados seis meses contados na mesma forma.

Aprobada a moción de censura, quedarán automaticamente proclamados os candidatos propostos, que tomarán posesión dos seus cargos inmediatamente.

CAPÍTULO III

Do Consello Xeral de Colexios

Artigo 38. *Natureza.*

O Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Industriais e Peritos Industriais de España é o organismo superior en cuestións da súa competencia, exercerá as facultades de coordinación dos distintos colexios e representará a profesión con carácter nacional e internacional. É unha corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins e exercicio das súas funcións.

Artigo 39. *Funcións do Consello Xeral.*

1. Ao Consello Xeral corresponden:

a) A representación nacional e internacional da profesión sen prexuízo das facultades que poidan corresponder aos consellos autonómicos e a defensa, nos mesmos ámbitos, dos intereses profesionais.

b) Dirixir, propoñer e determinar as estratexias adecuadas para a defensa da profesión con carácter xeral, en relación con cada unha das modalidades do seu exercicio, decidindo en cantos asuntos afecten o conxunto da profesión, os seus dereitos, decoro e prestixio.

c) Coordinar a actuación dos colexios e consellos autonómicos no exercicio das súas competencias e prestarlles o asesoramento adecuado.

d) Dirimir os conflitos que se susciten:

1.º Entre colexios de distintas comunidades autónomas.

2.º Entre colexios da mesma comunidade autónoma, con autorización do consello autonómico.

e) Crear e manter un portelo único, nos termos previstos na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e nestes estatutos.

f) Elaborar e publicar unha memoria anual, nos termos previstos na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e nestes estatutos.

g) Crear e manter un servizo de queixas e reclamacións.

h) Para os fins previstos nas alíneas a) e b), acordar directrices e criterios xerais de actuación da organización colexial.

i) Exercer a potestade disciplinaria con respecto aos membros das xuntas de goberno dos colexios cando non exista consello autonómico, ou as supostas infraccións teñan repercusión nacional ou afecten as relacións dos colexios ou consellos autonómicos co Consello Xeral, e, respecto dos membros dos consellos autonómicos, así como dos propios membros do Consello Xeral, conforme a lexislación básica do Estado e sempre que non se contraveña a normativa autonómica en materia de colexios profesionais.

j) Fomentar a previsión social dos colexiados, por medio da MUPITI, e o aseguramento dos riscos e continxencias relacionados co exercicio profesional.

k) Aprobado os estatutos particulares, por maioría absoluta, e os regulamentos de réxime interno dos colexios.

2. Para a consecución dos fins e o exercicio das competencias que ten encomendadas, o Consello Xeral terá plena capacidade de obrar e estará lexitimado para intervir ante as administracións públicas e para exercer calquera clase de accións e interpoñer calquera clase de recursos, tanto administrativos coma xurisdicionais.

Artigo 40. *Sede do Consello Xeral.*

O Consello Xeral ten a súa sede en Madrid, aínda que poderá celebrar reunións estatutarias dos seus órganos en calquera outro lugar de España.

Artigo 41. Órganos do Consello Xeral.

Son órganos do Consello Xeral o Pleno e a Xunta Executiva, como órganos colexiados, e o presidente, o vicepresidente, o secretario, o vicesecretario, o tesoureiro e o interventor, como órganos unipersoais.

Artigo 42. O Pleno.

O Pleno do Consello Xeral estará integrado polos membros da Xunta Executiva, polos decanos de cada un dos colexios e, cando exista, polo presidente do respectivo consello autonómico de colexios ou o representante estatutario destes.

Artigo 43. Competencias do Pleno.

Son competencias do Pleno:

1. As cuestións que afectan a organización colexial ou a profesión que teñan dimensión estatal ou internacional.
2. Emitir informe preceptivo sobre os proxectos de lei ou de disposicións xerais de calquera rango, de ámbito estatal, que afecten as condicións económicas e xerais do exercicio da profesión.
3. A representación ante a Administración do Estado ou de organismos internacionais dos intereses da profesión e dos colexiados.
4. A elaboración dos estatutos xerais, aprobados por maioría absoluta, que serán sometidos á aprobación do Goberno.
5. A elaboración e aprobación dos seus regulamentos.
6. Aprobar as normas deontolóxicas de ámbito estatal sobre o exercicio da profesión, as cales non poderán ir contra o establecido nos presentes estatutos e con suxeición a eles.
7. A coordinación das actividades dos colexios, nos ámbitos nacional e internacional.
8. Organizar os servizos de asistencia e previsión dos profesionais colexiados con carácter xeral en todo o Estado.
9. Procurar o maior nivel de emprego para os colexiados, colaborando coa Administración en canto sexa conveniente para esta finalidade.
10. Aprobar as contas anuais do Consello, os seus orzamentos e a achega dos colexios para o seu sostemento.
11. Exercer a potestade disciplinaria con respecto aos membros das xuntas de goberno dos colexios cando non exista consello autonómico ou as supostas infraccións teñan repercusión nacional ou afecten as relacións dos colexios ou consellos autonómicos co Consello Xeral, e respecto dos membros dos consellos autonómicos, así como os propios membros do Consello Xeral, conforme a lexislación básica do Estado e sempre que non se contraveña a normativa autonómica en materia de colexios profesionais.
12. Cumprir e velar por que as entidades colexiais e os demais órganos do Consello Xeral cumpran as leis e os estatutos xerais nas actividades que lles competen.
13. Resolver os recursos que se interpoñan contra actos e acordos dos colexios se así se recolle na lexislación aplicable ou nos estatutos do colexio correspondente.
14. As demais atribucións que se lle recoñezan ao Consello nestes estatutos xerais ou que lle atribúa a lexislación vixente.

Artigo 44. Funcionamento do Pleno.

1. O Pleno do Consello Xeral reunirse en sesión ordinaria obrigatoriamente unha vez cada tres meses. Na primeira sesión do ano, a orde do día deberá conter, polo menos, os seguintes asuntos: aprobación das contas anuais, os orzamentos, as achegas dos colexios e a información sobre a marcha do Consello e das actividades da Xunta Executiva no exercicio anterior.

2. O Pleno celebrará sesión extraordinaria para a elaboración e aprobación, por maioría absoluta, dos estatutos xerais, que serán sometidos á aprobación do Goberno, e dos seus regulamentos, e cando así o decida o propio Pleno en sesión ordinaria, o acorde a Xunta Executiva ou o soliciten cinco colexios, por acordo das súas respectivas xuntas de goberno.

A convocatoria do Pleno ordenaraa o seu presidente e cursaraa o secretario, acompañada da orde do día; deberáselles notificar a todos os seus membros cunha antelación mínima de dez días, salvo casos de urxencia apreciada polo presidente, caso en que a antelación se reducirá a, como mínimo, 48 horas. Para as sesións extraordinarias, o presidente deberá convocar o Pleno para a data que decidise o propio Pleno ou a Xunta Executiva, ou dentro do mes seguinte á recepción da solicitude dos colexios que se expresan no punto anterior.

3. Na orde do día, ademais dos asuntos que acorde a Xunta Executiva, deberanse incluír, de ser o caso, os asuntos que deixase sobre a mesa o Pleno en sesións anteriores, e os que solicitasen as xuntas de goberno dos colexios.

Os acordos adoptaranse por maioría simple, con excepción dos que teñen previsto un quórum especial nestes estatutos ou no seu regulamento correspondente. O presidente terá voto dirimente en caso de empate.

4. Para a adopción de calquera acordo do Pleno, cada decano terá tantos votos como colexiados integren o respectivo colexio, e cada decano deberá emitir todos os ditos votos nun mesmo sentido; os presidentes ou representantes estatutarios dos consellos autonómicos e os órganos unipersoais do Consello Xeral terán cada un un voto, no caso de que non sexan decanos.

Artigo 45. *A Xunta Executiva.*

1. A Xunta Executiva está integrada por un presidente, un vicepresidente, un secretario, un vicesecretario, un tesoureiro, un interventor e cinco vogais.

Os membros da Xunta Executiva serán elixidos polo Pleno, salvo o presidente, que o será por todos os decanos de España ou aqueles que estatutariamente os substitúan; o seu mandato será de catro anos, ben que os vogais cesarán se perden a condición de decanos. A dita elección e a cobertura das súas vacantes suxeitaranse ao disposto no correspondente regulamento.

2. A Xunta Executiva adoptará decisións executivas en todas as materias competencia do Pleno.

En todo caso, correspóndenlle á Xunta Executiva o cumprimento e a execución dos acordos do Pleno, a preparación das súas sesións e o despacho dos asuntos que non requiren quórum especial e sexan de recoñecida urxencia.

Igualmente, correspóndelle outorgar poderes e acordar o exercicio de toda clase de accións e a interposición de calquera clase de recursos ante toda clase de organismos e tribunais, nacionais e internacionais. En caso de recoñecida urxencia, a interposición de recursos poderá ser ordenada polo presidente e deberá ser ratificada pola Xunta Executiva na sesión seguinte.

3. A Xunta Executiva reunirse por convocatoria do presidente, polo menos unha vez ao mes, e aprobará o seu propio regulamento de funcionamento.

Artigo 46. *Órganos unipersoais do Consello Xeral.*

1. Ao presidente correspóndenlle a suprema representación do Consello Xeral, a presidencia de todos os órganos colexiados de que forme parte e as demais atribucións que se determinen nestes estatutos e nos seus correspondentes regulamentos.

O cargo de presidente do Consello, para cuxo desempeño se exixirá ser colexiado cunha antigüidade mínima de dez anos ou decano dun colexio e encontrarse no exercicio da profesión en calquera das súas formas, poderase desempeñar por un máximo de dous mandatos consecutivos; para tal efecto, só se computarán os mandatos obtidos a partir da entrada en vigor destes estatutos.

2. O vicepresidente substituirá o presidente en caso de ausencia, enfermidade ou vacante, e desempeñará as funcións que lle delegue o presidente.
3. O secretario serao do Pleno e dos demais órganos colexiados dos cales forme parte.
4. O secretario, o vicesecretario, o tesoureiro e o interventor desempeñarán as funcións propias dos seus respectivos cargos, que se especificarán nos correspondentes regulamentos do Consello.
5. Os cargos de presidente e vicepresidente son compatibles coa condición de decano dalgún colexio. Os cargos de secretario, vicesecretario, tesoureiro e interventor son incompatibles con calquera outro da organización colexial.

TÍTULO III

Do réxime xurídico da actividade e do patrimonio dos entes colexiais

CAPÍTULO I

Do réxime xurídico da actividade

Artigo 47. *Réxime da actividade dos entes colexiais suxeita ao dereito administrativo.*

1. As disposicións xerais e os actos ditados no exercicio de funcións públicas atribuídas pola lei ou delegadas por unha Administración pública e os referidos á organización colexial someteranse ao disposto nestes estatutos xerais e nos estatutos e regulamentos dos colexios, segundo a corporación de que se trate, e supletoriamente á Lei 39/2015, do 1 de outubro, e demais leis e principios de dereito público que lles resulten de aplicación.
2. As disposicións xerais e os actos dos entes colexiais no exercicio das potestades administrativas ditaranse conforme o procedemento establecido nos respectivos estatutos e regulamentos de cada corporación.
3. As disposicións xerais das corporacións colexiais deberanse publicar na páxina web e nos boletíns de cada entidade e no taboleiro oficial, onde figurarán expostos, polo menos, durante dous meses.
4. As resolucións das corporacións colexiais deberanse ditar con audiencia do interesado e debidamente motivadas cando teñan carácter sancionador, limitativo de dereitos ou intereses lexítimos, ou resolvan recursos.
5. Deberanse notificar os actos que afecten os dereitos e intereses dos colexiados e deixar constancia no expediente da súa recepción. A notificación deberá conter o texto íntegro da resolución, o órgano que a ditou e a data, así como a indicación de se o acto é ou non definitivo na vía corporativa, e dos recursos que procedan, o prazo para interpoñelos e o órgano ante o cal se deberían interpoñer, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, de ser o caso, calquera outro que xulguen procedente.

Artigo 48. *Silencio administrativo.*

1. Os estatutos e regulamentos dos colexios e os do Consello Xeral deberán establecer o prazo en que obrigatoriamente se deberá resolver a tramitación do procedemento en cada caso. De non se establecer un prazo inferior, entenderase que as solicitudes dos colexiados se deberán resolver no prazo máximo de tres meses.
2. Finalizado o prazo establecido para a resolución de cada procedemento sen que se lle notificase ao interesado solicitante, entenderanse producidos os efectos do silencio administrativo no sentido favorable ao solicitado ou desestimatorio da solicitude que se estableza nos citados estatutos e regulamentos das corporacións colexiais.
3. En todo caso, entenderanse estimadas por silencio administrativo as solicitudes referidas á incorporación ao colexio cando se acredite na solicitude o cumprimento dos requisitos exixidos por estes estatutos.

Os actos producidos por silencio administrativo positivo que supoñan o recoñecemento ou a atribución de facultades ou dereitos contrarios ao ordenamento xurídico carecendo de requisitos esenciais para a súa adquisición serán nulos de pleno dereito.

Artigo 49. *Nulidade e anulabilidade dos actos das corporacións colexiais.*

Os actos das corporacións colexiais serán nulos de pleno dereito ou anulables nos casos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 50. *Acordos dos órganos colexiais.*

Os órganos colexiados de goberno dos colexios e do Consello Xeral non poderán adoptar acordos sobre asuntos non incluídos na orde do día, salvo que estean presentes todos os seus membros e acorden por maioría absoluta o carácter urxente do asunto que se vai tratar.

Artigo 51. *Recursos.*

1. Os actos e as resolucións dos colexios, dos consellos autonómicos e do Consello Xeral serán executivos cando estean suxeitos a dereito administrativo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, así como, de ser o caso, na lexislación autonómica.

2. Contra os actos e as resolucións dos colexios poderase recorrer enalzada no prazo dun mes ante o consello autonómico respectivo ou, mentres este non se constituíse, ante o Consello Xeral, sempre e cando non se dispoña outra cousa na normativa autonómica en materia de colexios profesionais.

3. Os actos e as resolucións do Consello Xeral poñen fin á vía administrativa, de acordo co artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e serán directamente impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa, ben que, con carácter potestativo, se poderá interpoñer recurso de reposición ante o mesmo Consello no prazo dun mes. Tamén poñerán fin á vía administrativa os actos e as resolucións dos consellos autonómicos se non se dispón outra cousa na lexislación autonómica.

Artigo 52. *Outras reclamacións.*

1. Sen prexuízo do anterior, calquera persoa física ou xurídica se poderá dirixir ao Consello Xeral para formular calquera tipo de queixa ou reclamación, en relación con calquera asunto relacionado coa organización colexial ou coa profesión de enxeñaría técnica industrial. Con carácter previo á presentación dunha queixa ou reclamación ante o Consello Xeral relativa a unha actuación dun colexio en particular, deberase presentar ante o dito colexio ou consello autonómico se así o prevé a lexislación autonómica.

2. Os actos e as resolucións relativos ás súas relacións laborais ou civís estarán suxeitos ao réxime xurídico correspondente.

Artigo 53. *Comunicacións entre os colexios e o Consello Xeral.*

1. Os colexios deberán comunicar ao Consello Xeral, por fax ou por outro medio que asegure a súa recepción nun prazo máximo de 24 horas desde que se ditaron, os actos de proclamación de candidatos e de candidatos electos e, en caso de proceder recurso de alzada ante o Consello Xeral, os recursos que se interpoñan contra eles. De igual forma o Consello Xeral comunicará ao colexio correspondente a resolución que cumpra nestes supostos.

2. Os demais actos que se deban elevar ao Consello Xeral para a súa resolución deberanse remitir nun prazo non superior a dez días, salvo que se trate de recursos interpostos contra actos colexiais, caso en que se deberán remitir nun prazo máximo de cinco días xuntamente co expediente administrativo.

Artigo 54. *Réxime da actividade non suxeita ao dereito administrativo.*

No exercicio das súas funcións privadas, o Consello Xeral e os colexios quedan sometidos ao dereito privado. Tamén quedan incluídos neste ámbito os aspectos relativos ao patrimonio, á contratación e ás relacións co seu persoal que se rexen pola lexislación laboral.

CAPÍTULO II

Dos recursos económicos

Artigo 55. *Recursos económicos dos colexios e do Consello Xeral.*

1. Constitúen recursos económicos ordinarios dos colexios:
 - a) Os dereitos de incorporación ao Colexio, que en ningún caso poderán superar os custos asociados á tramitación.
 - b) As cotas periódicas a cargo dos colexiados.
 - c) Os dereitos por visado de traballos profesionais.
 - d) Os ingresos procedentes das rendas do seu patrimonio.
 - e) Os beneficios derivados de ditames, asesoramentos, cursos, seminarios, venda de publicacións ou impresos e outras actividades, así como as subvencións recibidas polos servizos ou actividades do Colexio.
2. Son recursos económicos de carácter extraordinario dos colexios:
 - a) As cotas ou derramas que poidan ser aprobadas nunha xunta xeral extraordinaria convocada para o efecto, para o cal se necesita da aprobación dos dous terzos dos asistentes.
 - b) Os bens, mobles ou inmobles, e os dereitos que por herdanza, doazón ou calquera outro título lucrativo ou oneroso entren a formar parte do patrimonio de cada colexio.
 - c) Calquera outro ingreso que se poida obter licitamente.
3. O patrimonio do Consello Xeral estará constituído pola súa sede social, polo seu equipamento e polo capital procedente dos seus ingresos ordinarios ou extraordinarios destinado a sufragar as súas necesidades.
4. Constitúen recursos económicos ordinarios do Consello Xeral:
 - a) As cotas periódicas por conta dos colexios.
 - b) Os ingresos procedentes das rendas do seu patrimonio.
 - c) Os beneficios derivados de ditames, asesoramentos, cursos, seminarios, venda de publicacións ou impresos e outras actividades, así como as subvencións recibidas polos servizos ou actividades do Consello.
5. Son recursos económicos de carácter extraordinario do Consello Xeral:
 - a) As cotas ou derramas que poidan ser aprobadas no pleno do Consello Xeral convocado para o efecto, para o cal se necesita da aprobación dos dous terzos do voto corporativo dos asistentes e representados.
 - b) Os bens, mobles ou inmobles, e os dereitos que por herdanza, doazón ou calquera outro título lucrativo ou oneroso entren a formar parte do patrimonio do Consello.
 - c) Calquera outro ingreso que se poida obter licitamente.

TÍTULO IV

Do exercicio profesional baixo forma societariaArtigo 56. *Sociedades profesionais.*

1. O exercicio da profesión de perito industrial e enxeñeiro técnico industrial poderase levar a cabo individualmente ou en común con outros profesionais, a través dunha sociedade profesional ou calquera outra forma societaria das recoñecidas polo ordenamento xurídico e constituídas de acordo coa lei.

2. Poderán ser socios profesionais dunha sociedade profesional tanto os enxeñeiros técnicos industriais, peritos industriais e graduados en Enxeñaría da rama Industrial, colexiados como as sociedades profesionais debidamente inscritas nun colexio, cando así o manteña unha lei estatal.

3. Estas sociedades profesionais terán por obxecto social o exercicio da actividade profesional propia da Enxeñaría Técnica Industrial. Non obstante, poderán exercer outras actividades profesionais distintas sempre que o seu exercicio conxunto non fose declarado incompatible pola lei.

4. As sociedades profesionais de enxeñeiros técnicos industriais, peritos industriais e graduados en Enxeñaría da rama Industrial, colexiados, unha vez constituídas en escritura pública e inscritas no Rexistro Mercantil, inscribiranse no Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio.

5. Nos traballos profesionais que se sometan a visado, este expedirase a favor da sociedade profesional ou do profesional ou profesionais colexiados que se responsabilicen do traballo.

Artigo 57. *Rexistro de Sociedades Profesionais.*

1. Os colexios levarán o rexistro de todas as sociedades profesionais constituídas polos seus colexiados, que estará permanentemente actualizado e co contido mínimo disposto na Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais.

2. No Rexistro de Sociedades Profesionais dos Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Industriais e Peritos Industriais de España inscribiranse obrigatoriamente as sociedades profesionais constituídas polos colexiados para o exercicio en común da súa actividade profesional, de conformidade co disposto na Lei 2/2007, do 15 de marzo, cando así o manteña unha lei estatal.

3. A inscrición das sociedades profesionais no Rexistro conterá as seguintes cuestións:

- a) Denominación ou razón social e domicilio da sociedade.
- b) Data e anotación identificativa da escritura pública de constitución e notario autorizante, e duración da sociedade, de se ter constituído por tempo determinado.
- c) As actividades profesionais que constitúan o obxecto social no suposto de que legalmente poidan compatibilizar máis dunha.
- d) Identificación dos socios profesionais e non profesionais e, en relación con aqueles, número de colexiado e colexio profesional de pertenza.
- e) Identificación das persoas que se encarguen da administración e representación, coa expresión da condición de socio profesional ou non de cada unha delas.
- f) Será igualmente obxecto de inscrición calquera cambio de socios e administradores e calquera modificación do contrato social.

4. Os colexios remitirán cada tres meses, ao Ministerio de Xustiza e ao departamento ou consellería competente da súa comunidade autónoma, as inscricións realizadas nos seus rexistros de sociedades profesionais para que aqueles manteñan permanentemente actualizados os seus respectivos portais da internet en que se dea publicidade ao contido da folia aberta a cada sociedade profesional. Nos mesmos prazos enviarán igual

información ao Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Industriais e Peritos Industriais de España para a súa toma de razón nos rexistros centrais.

TÍTULO V

Do réxime disciplinario

Artigo 58. *Competencia.*

Os colexios oficiais, o Consello Xeral e, de ser o caso, os consellos autonómicos, dentro da súa respectiva competencia, exercen a potestade disciplinaria para sancionar as infraccións en que incorran os colexiados e os cargos colexiais no exercicio da súa profesión ou na súa actividade colexial.

A organización colexial levará un rexistro de sancións e estará obrigada a conservar o expediente, polo menos, ata a extinción da responsabilidade disciplinaria.

Artigo 59. *Infraccións.*

As infraccións que poden ser obxecto de sanción disciplinaria clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1. Son infraccións leves:

a) O incumprimento por parte dun colexiado das normas estatutarias ou dos acordos adoptados pola corporación colexial, salvo que constitúan infracción de superior entidade.

b) As incorreccións de escasa transcendencia na realización dos traballos profesionais.

c) A desconsideración ou ofensa leve aos membros dos órganos de goberno da organización colexial no exercicio das súas funcións, así como cara aos compañeiros no desempeño da actividade profesional, cando non constitúan infracción grave ou moi grave.

d) O mal uso dos bens mobles ou inmobles do Colexio.

e) O abandono de funcións ou a falta de dilixencia no cumprimento das súas obrigacións como membro dos órganos de goberno das entidades que integran a organización colexial.

f) O incumprimento por parte dun membro dun órgano de goberno de calquera das entidades da organización colexial, das normas estatutarias ou dos acordos validamente adoptados por elas, salvo que constitúan infracción de maior gravidade.

g) As infraccións reiteradas de asistencia inustificada ou de dilixencia nas funcións propias en calquera dos órganos de goberno da corporación colexial.

2. Son infraccións graves:

a) O incumprimento dos acordos de carácter obrigatorio adoptados polos órganos de goberno da organización colexial en materia da súa competencia, ou o incumprimento das obrigacións establecidas nestes estatutos.

b) O incumprimento inustificado das obrigacións económicas cos colexios.

c) O incumprimento do artigo 12 destes estatutos.

d) A desconsideración ou ofensa grave aos membros dos órganos de goberno da organización colexial, no exercicio das súas funcións, así como cara aos compañeiros no desempeño da actividade profesional, cando non constitúan infracción moi grave.

e) A competencia desleal.

f) A realización de traballos profesionais que, pola súa índole, forma ou fondo, resulten contrarios ao ordenamento xurídico en prexuízo do interese público ou dos consumidores e usuarios.

g) O incumprimento das obrigacións económicas do colexio co Consello Xeral.

h) Desatender os requirimentos de información efectuados polo Consello Xeral en todo aquilo que sexa preceptivo conforme a lexislación e estes estatutos.

i) As tipificadas como leves nas alíneas a), b), c) e d) cando sexan cometidas polos titulares de cargos corporativos no exercicio das súas funcións.

3. Son infraccións moi graves:

a) Os feitos constitutivos de delito como consecuencia do exercicio profesional ou con ocasión deste ou que afecten o exercicio profesional, cando así o determinase un xuíz en sentenza firme.

b) O encubrimento da intrusión profesional, cando así o determinase un xuíz en sentenza firme.

c) O incumprimento do artigo 19 destes estatutos.

d) O exercicio da profesión en situación de inhabilitación profesional ou estando incurso en causa de incompatibilidade ou prohibición.

e) O incumprimento deliberado dos acordos de carácter obrigatorio adoptados polos órganos do Consello Xeral, cando produza ou sexa susceptible de producir prexuízos para a profesión ou para o regular funcionamento do Consello Xeral.

f) O uso do cargo ou función pública en proveito propio.

g) As tipificadas como graves nas alíneas a), b), c), d), e) e f) cando sexan cometidas polos titulares de cargos corporativos no exercicio das súas funcións.

Artigo 60. *Sancións.*

1. As sancións disciplinarias clasifícanse en leves, graves e moi graves.

a) Son sancións leves: a amoestación privada e o apercibimento mediante oficio do decano.

b) Son sancións graves: a suspensión da colexiación ou dos dereitos colexiais ata seis meses e a inhabilitación para o exercicio de cargos corporativos ata un ano.

c) Son sancións moi graves: a suspensión temporal da colexiación ou dos dereitos colexiais ata dous anos, a inhabilitación para o exercicio de cargos corporativos ata cinco anos e a expulsión do colexio ou, de ser o caso, do Consello Xeral.

2. As infraccións que garden relación con obrigacións colexiais considéranse corporativas e sancionaranse, segundo a súa gravidade, con amoestación privada ou apercibimento mediante oficio do decano con anotación no expediente persoal, de seren leves; suspensión dos dereitos colexiais ata seis meses e inhabilitación para cargos colexiais ata un ano, de seren graves; e suspensión dos dereitos colexiais e inhabilitación para cargos colexiais ata cinco anos, de seren moi graves.

3. As infraccións que entren na esfera das obrigacións profesionais serán sancionables, con amoestación privada, de seren leves; coa suspensión da colexiación ata seis meses, de seren graves; e ata dous anos ou coa expulsión, de seren moi graves.

4. As infraccións que garden relación co desempeño de cargo corporativo serán sancionadas con amoestación privada, de seren leves; coa suspensión da colexiación e inhabilitación para ocupar calquera posto de responsabilidade na organización colexial ata un ano, de seren graves; e coa suspensión de colexiación e inhabilitación para ocupar cargo de responsabilidade na organización colexial superior a seis meses e inferior a cinco anos, de seren moi graves.

Artigo 61. *Procedemento disciplinario.*

1. Non se poderá impoñer ningunha sanción sen ter instruído un procedemento previo. Na súa tramitación garantiránselle ao colexiado, en todo momento, os seguintes dereitos:

a) A presunción de non responsabilidade disciplinaria mentres non se demostre o contrario.

b) A ser notificado dos feitos que se lle imputan, das infraccións que tales feitos poidan constituír e das sancións que, de ser o caso, se lle puideren impoñer.

c) A ser notificado da identidade do instrutor, da autoridade competente para impoñer a sanción e da norma que lle atribúa tal competencia.

d) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos cales teña a condición de interesado, e a obter copias dos documentos contidos neles e, así mesmo, copia selada dos que presente.

e) A utilizar a lingua propia da comunidade autónoma.

f) A formular alegacións e presentar documentos en calquera fase do procedemento anterior ao trámite de alegacións contra a proposta de sanción.

g) A dispoñer das suficientes garantías de defensa no expediente.

h) A que a tramitación do procedemento sancionador teña unha duración non superior a seis meses, salvo causa xustificada da cal quede debida constancia no expediente.

2. As sancións leves poderanse impoñer nun procedemento abreviado no cal se verificará a exactitude dos feitos, se oír o presunto infractor, se comprobará se estes están tipificados nalgún dos supostos do artigo 59.1 destes estatutos e se sinalará a sanción correspondente.

Artigo 62. *Recursos contra as resolucións sancionadoras.*

1. As resolucións dos colexios que impoñan sancións leves serán susceptibles de recurso ante o propio órgano sancionador, salvo o disposto na lexislación autonómica correspondente en canto ás resolucións dos colexios; as que impoñan sancións graves ou moi graves serán impugnables ante o Consello Xeral ou ante o Consello Autonómico, segundo resulte da lexislación aplicable ou dos estatutos do Colexio, no prazo dun mes desde a súa notificación.

2. As resolucións do Consello Xeral que impoñan sancións serán susceptibles de recurso potestativo ante o dito órgano colexial.

3. As resolucións sancionadoras non serán executivas ata que sexan firmes na vía colexial.

Non obstante, se se tiver imposto unha sanción de suspensión por infracción moi grave, o órgano competente poderá acordar a adopción das medidas provisionais pertinentes para garantir a súa efectividade. Neste caso, comunicarllo inmediatamente ao Consello Xeral ou autonómico, o cal, se se interpón recurso contra a dita sanción, deberá resolvelo no prazo dun mes desde a efectividade da medida provisional acordada polo colexio sancionador.

4. A resolución dos recursos contra as resolucións sancionadoras deberase producir no prazo de tres meses e o silencio terá efectos desestimatorios. Contra as resolucións destes recursos só se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo.

Artigo 63. *Prescripción de infraccións e sancións.*

1. As infraccións leves prescribirán aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos, e os ditos prazos comezarán a contar desde o día en que se cometeu a infracción. A incoación debidamente notificada ao presunto infractor do procedemento disciplinario interrompe a prescripción e esta restablecerase se o dito procedemento está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

2. As sancións prescribirán, de non as ter feito efectivas a entidade colexial sancionadora, nos mesmos prazos que as infraccións segundo a súa clase, salvo a expulsión do Colexio, que prescribirá aos cinco anos. O prazo comezará a contar desde o momento en que adquiriu firmeza en vía colexial a resolución sancionadora, interromperase a prescripción pola iniciación, con coñecemento do interesado, da súa execución e restablecerase se esta se paraliza máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Artigo 64. *Anotación e cancelación das sancións.*

1. Todas as sancións disciplinarias se anotarán no expediente persoal do colexiado, con comunicación ao Consello e deste aos colexios no caso de que afecten o exercicio da profesión.

2. Os sancionados poderán pedir a cancelación da nota do seu expediente persoal nos seguintes prazos contados desde o cumprimento da sanción:

- a) Se é por infracción leve, aos seis meses.
- b) Se é por infracción grave, aos dous anos.
- c) Se é por infracción moi grave, aos catro anos.

3. Unha vez executada a sanción de expulsión, non se poderá solicitar a reincorporación a ningún dos colexios ata transcorridos cinco anos, salvo que os seus estatutos sinalen outro prazo superior.

4. A cancelación de antecedentes realizarase logo da instrución dun procedemento en que o colexiado desfrutará dos mesmos dereitos que no procedemento incoado para a imposición da sanción, e a resolución que se adopte será susceptible de ser impugnada na mesma forma que a resolución sancionadora.

Artigo 65. *Réxime supletorio.*

No non previsto no presente título e nos estatutos particulares dos colexios rexerán como supletorias a Lei 39/2015, do 1 de outubro, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro.

TÍTULO VI

Da reforma dos estatutos xerais

Artigo 66. *Procedemento para a reforma dos estatutos xerais.*

Para a modificación destes estatutos xerais será preciso o acordo do Pleno do Consello Xeral por maioría absoluta, logo de audiencia dos colexios e da súa aprobación polo Goberno, por proposta do ministro competente.

TÍTULO VII

Disposicións comúns aos colexios e ao Consello Xeral

Artigo 67. *Portelo único.*

1. Os colexios e o Consello Xeral crearán e manterán unha páxina web para que, a través do portelo único previsto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, os profesionais poidan realizar todos os trámites necesarios para a colexiación, o seu exercicio e a súa baixa no Colexio, a través dun único punto, por vía electrónica e a distancia. Concretamente, farán o necesario para que, a través deste portelo único, os profesionais poidan de forma gratuíta:

- a) Obter toda a información e os formularios necesarios para o acceso á actividade profesional e o seu exercicio.
- b) Presentar toda a documentación e as solicitudes necesarias, incluída a da colexiación.
- c) Coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que teña consideración de interesado e recibir a correspondente notificación dos actos de trámite preceptivos e da súa resolución, incluída a notificación dos expedientes disciplinarios cando non sexa posible por outros medios.
- d) Coñecer as convocatorias das reunións estatutarias e poñer no seu coñecemento a actividade pública e privada do colexio profesional.

2. A través do referido portelo único, para a mellor defensa dos dereitos dos consumidores e usuarios, ofrecerase a seguinte información, que deberá ser clara, inequívoca e gratuita:

- a) O acceso ao Rexistro de Colexiados, que estará permanentemente actualizado e no cal constarán, polo menos, os seguintes datos: nome e apelidos dos profesionais colexiados, número de colexiación, títulos oficiais que posúan, domicilio fiscal profesional e situación de habilitación profesional.
- b) O acceso ao Rexistro de Sociedades Profesionais, que terá o contido descrito no artigo 8 da Lei 2/2007, do 15 de marzo.
- c) As vías de reclamación e os recursos que se poderán interpoñer en caso de conflito entre o consumidor ou usuario e un colexiado ou o colexio profesional.
- d) Os datos das asociacións ou organizacións de consumidores e usuarios ás cales os destinatarios dos servizos profesionais se poden dirixir para obteren asistencia.
- e) O contido dos códigos deontolóxicos.

3. Para tal fin, adoptaranse as medidas necesarias para o cumprimento do previsto neste artigo, para o cal se incorporarán as tecnoloxías precisas e se crearán e manterán as plataformas tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade entre os distintos sistemas e a accesibilidade das persoas con discapacidade. Para iso, poderanse poñer en marcha os mecanismos de coordinación e colaboración necesarios, mesmo coas corporacións doutras profesións.

4. Os colexios facilitarán ao Consello Xeral a información concernente ás altas, baixas e calquera outra modificación que afecte os rexistros de colexiados e de sociedades profesionais, para o seu coñecemento e anotación nos rexistros centrais de colexiados e de sociedades profesionais.

Artigo 68. *Memoria anual.*

1. Os colexios e o Consello Xeral estarán suxeitos ao principio de transparencia na súa xestión. Para iso, elaborarán unha memoria anual que conteña, polo menos, a información seguinte:

- a) Informe anual de xestión económica, que inclúa os gastos de persoal suficientemente desagregados e especifique, de ser o caso, as retribucións dos membros dos seus órganos en razón do seu cargo.
- b) Importe das cotas aplicables desagregadas por conceptos e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.
- c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que acadasen firmeza, con indicación da infracción a que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta, de ser o caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.
- d) Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou polas súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, de ser o caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.
- e) Os cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos, en caso de dispoñer deles.
- f) As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se encontren os membros das xuntas de goberno.
- g) Información estatística sobre a actividade de visado.

2. O Consello Xeral publicará coa súa memoria a información estatística referida no número 1 de forma agregada para o conxunto da organización colexial. Para estes efectos, os colexios territoriais e os consellos autonómicos facilitarán ao Consello Xeral a información necesaria para elaborar a memoria anual.

3. A memoria anual deberase facer pública a través do punto de acceso electrónico único no primeiro semestre de cada ano.

Artigo 69. *Servizo de atención aos colexiados e aos consumidores e usuarios.*

1. O Consello Xeral e os colexios atenderán, no ámbito da súa competencia, as queixas ou reclamacións presentadas polos colexiados.

2. Así mesmo, dispoñerán dun servizo de atención aos consumidores ou usuarios, que necesariamente tramitará e, de ser o caso, resolverá cantas queixas e reclamacións referidas á actividade colexial ou profesional dos colexiados presente calquera consumidor ou usuario que contrate os servizos profesionais, así como asociacións e organizacións de consumidores e usuarios na súa representación ou en defensa dos seus intereses.

3. A través deste servizo de atención aos consumidores ou usuarios resolverase sobre a queixa ou reclamación segundo proceda: ben informando sobre o sistema extraxudicial de resolución de conflitos, ben remitindo o expediente aos órganos colexiais competentes para instruír os oportunos expedientes informativos ou disciplinarios, ben arquivando ou ben adoptando calquera outra decisión da súa competencia, conforme dereito.

4. A regulación deste servizo deberá prever a presentación de queixas e reclamacións por vía electrónica e a distancia.

Disposición derradeira única. *Uso do xénero gramatical.*

Todas as referencias de xénero destes estatutos, empregadas en masculino, son referencias xenéricas e se refiren tanto a mulleres como a homes (débense interpretar decano, como decano e decana; colexiado, como colexiada e colexiado, etc.).